REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 02.05.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL SAÍDA
26 ABR. 2018
Núm. 9017

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de maio de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

1.1 22983 (10/POC-003784)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para impulsar o papel da Inspección de Traballo como garante dun emprego de calidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 246, do 24.01.2018

1.2 25175 (10/POC-004149)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de ampliar o Servizo de Hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ás 24 horas do día e as previsións ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 15.02.2018

1.3 27940 (10/POC-004508)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Puy Fraga, Pedro e 8 máis
Sobre o grao de cumprimento dos acordos parlamentarios do 24 de xaneiro de 2017 en materia de igualdade, prevención e atención ás vítimas de violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

1.4 28561 (10/POC-004588)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura das baixas e xubilacións das matronas, as actuacións que vai levar a cabo para resolver

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO ENTRADA
26 ABR. 2018
Núm. 9017

a carencia delas na provincia de Ourense, en especial, na atención primaria e o posible cumprimento do disposto no Plan integral de saúde da muller en Galicia, así como as recomendacións da Organización Mundial da Saúde ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018

1.5 28656 (10/POC-004601)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o posible nomeamento como alto cargo do Ministerio de Sanidade da subdirectora xeral de Farmacia destituída recentemente por petición propia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018

1.6 28927 (10/POC-004636)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as xestións concretas levadas a cabo polo Goberno galego diante do Goberno central para a rebaixa do IVE dos alimentos sen glute e as previsións ao respecto, así como sobre a realización dalgunha outra reforma no sistema fiscal para protexer as persoas celíacas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018

1.7 28934 (10/POC-004638)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a suposta situación de discriminación laboral por razón de xénero e acoso que está a padecer unha traballadora dunha empresa concesionaria de liñas de transporte colectivo de viaxeiros

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018

1.8 29269 (10/POC-004687)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento dos acordos adoptados polo Parlamento de Galicia durante a X lexislatura en relación coa petición de indulto de dous traballadores condenados á cadea, así como en materia salarial, contratación, licitación pública, contratos de formación e rehabilitación das persoas con dano cerebral adquirido

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL SAÍDA
26 ABR. 2018
Núm. 9017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, na data 25/04/2018 16:32:02

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 02.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 22983(10/POC-003784)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para impulsar o papel da Inspección de Traballo como garante dun emprego de calidade

Publicación da iniciativa, 246, 24.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22983
Data envio: 12/01/2018 14:02:27.462

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Desde o Grupo Parlamentario Popular temos manifestado como unha das nosas principais preocupacións nos últimos anos a evolución do emprego na nosa Comunidade.

A profunda crise económica padecida na última década tivo como un dos efectos máis claros a destrución de millóns de postos de traballo entre 2008 e 2012, sobre todo en sectores nos que a meirande parte de traballadores contaban cunha baixa cualificación.

Ademais, as grandes bolsas de parados supuxeron unha barreira de entrada a colectivos especialmente vulnerables e que complicou a inserción de moitas das persoas cuxa situación de desemprego se foi alongando no tempo.

Logo de catro anos de crecemento económico e caída do desemprego de xeito practicamente ininterrompido, os populares consideramos como un dos obxectivos prioritarios que tanto os novos empregos como os contratos asinados con anterioridade sexan da maior calidade posible.

Parte da mellora das condicións dos traballadores galegos pasa porque se cumpran os seus contratos e se eviten abusos en canto a horarios ou salarios. Nesta cuestión, xoga un papel fundamental a labor da Inspección de Traballo, que supervisa a actividade económica para que traballadores e empresarios se axusten ao marco laboral establecido.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que actuacións ten levado a cabo a Xunta de Galicia para o impulso do papel da Inspección de Traballo como garante dun emprego de calidade?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22983
Data envio: 12/01/2018 14:02:27.462

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2018 13:46:33

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2018 13:46:42

María Ángeles Garcia Míguez na data 12/01/2018 13:46:48

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 12/01/2018 13:46:54

Marta Rodriguez Arias na data 12/01/2018 13:47:00

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 12/01/2018 13:47:08

María Soraya Salorio Porral na data 12/01/2018 13:47:17

Raquel Arias Rodríguez na data 12/01/2018 13:47:24

Sandra Vázquez Dominguez na data 12/01/2018 13:47:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 02.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 25175(10/POC-004149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de ampliar o Servizo de Hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ás 24 horas do día e as previsións ao respecto

Publicación da iniciativa, 261, 15.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25175
Data envio: 05/02/2018 14:32:24.426

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Segundo os datos do INE de 2016, Ourense lidera en Galicia a taxa de mortaldade por infarto de miocardio por cada 100.000 habitantes, cunha porcentaxe do 59,7. Ademais, esta cifra sitúa á provincia 27 puntos por riba da media estatal. Na actualidade o servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense soamente está dispoñible en horario de 8:00 a 15:00 horas de luns a venres, o que provoca centos de traslados ao complexo hospitalario de Vigo, o centro de referencia cando o servizo non está activo.

Nos infartos é fundamental unha atención inmediata e os traslados provocan o aumento do tempo de agarda e a redución das posibilidades de supervivencia. En Ourense, de media, tardan por exemplo 1 hora máis na apertura da arteria causante do infarto que en Santiago de Compostela, o que supón dende o punto de vista do grupo socialista unha vulneración dos principios de equidade e seguridade dos e das pacientes.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que a cidadanía galega ten as mesmas oportunidades de acceder en igualdade de condicións aos servizos cardiolóxicos?
2. Cre o Goberno galego que esta igualdade de condicións de acceder aos servizos cardiolóxicos e aos tratamentos de hemodinámica se produce na provincia de Ourense?
3. Considera necesario a Xunta de Galicia ampliar o servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para que o servizo se preste as 24 horas?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25175
Data envio: 05/02/2018 14:32:24.426

4. Ten previsto o Goberno galego ampliar o servizo de hemodinámica do CHUOU para que o servizo se preste as 24 horas?
5. En caso afirmativo, cando ten previsto implementalo?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2018 14:20:22

Raúl Fernández Fernández na data 05/02/2018 14:20:29

Julio Torrado Quintela na data 05/02/2018 14:20:33

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 02.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 27940(10/POC-004508)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 8 máis

Sobre o grao de cumprimento dos acordos parlamentarios do 24 de xaneiro de 2017 en materia de igualdade, prevención e atención ás vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2018 17:23
Nº Rexistro: 27940
Data envio: 14/03/2018 17:23:05.497

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Pedro Puy Fraga, Paula Prado del Río, Marián García Miguez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Aurelio Núñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira e **Jacobo Moreira Ferro**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Na sesión do 24 de xaneiro de 2017 o Pleno do Parlamento de Galicia aprobou, por unanimidade de todos os grupos con representación na Cámara, un texto con una batería de medidas a adoptar para mellorar os recursos e servizos da Comunidade Autónoma en materia de igualdade, prevención e atención ás vítimas de violencia de xénero, en diferentes ámbitos: sanitario, educativo, xudicial e de tratamento informativo.

Trancorrido un ano dende a súa aprobación creemos importante facer un balance de cumprimento de ditos acordos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En que medida se teñen cumprido os acordos adoptados por unanimidade no Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 24 de xaneiro de 2017, en materia de igualdade, prevención e atención ás vítimas de violencia de xénero?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2018 17:23
Nº Rexistro: 27940
Data envio: 14/03/2018 17:23:05.497

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/03/2018 17:20:42

Paula Prado Del Río na data 14/03/2018 17:20:51

María Ángeles Garcia Míguez na data 14/03/2018 17:21:01

María Isabel Novo Fariña na data 14/03/2018 17:21:10

César Manuel Fernández Gil na data 14/03/2018 17:21:24

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 14/03/2018 17:21:26

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2018 17:21:33

María Julia Rodriguez Barreira na data 14/03/2018 17:21:41

Jacobo Moreira Ferro na data 14/03/2018 17:21:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 02.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 28561(10/POC-004588)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura das baixas e xubilacións das matronas, as actuacións que vai levar a cabo para resolver a carencia delas na provincia de Ourense, en especial, na atención primaria e o posible cumprimento do disposto no Plan integral de saúde da muller en Galicia, así como as recomendacións da Organización Mundial da Saúde ao respecto

Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 10:51
Nº Rexistro: 28561
Data envio: 28/03/2018 10:51:13.103

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª.**

Segundo a OMS, as matronas desenvolven un papel fundamental en relación á saúde das mulleres, non só na atención durante a xestación ou o parto, si non tamén en todas as etapas da vida sexual e reprodutiva da muller.

Con todo, pese as recomendacións de ratios por parte da OMS, estas seguen a ser inadecuadas tanto na atención primaria como especializada por parte do Servizo Galego de Saúde, que ten deseñado un Plan Integral de Saúde da Muller que resulta imposible levar a cabo de xeito equitativo en todo o territorio, xa que se produce una iniquidade asistencial en función da zona onde se resida. Neste sentido, Ourense é o sitio máis castigado principalmente e de xeito alarmante na Atención Primaria, onde soamente existen 8 matronas para toda a provincia de Ourense, que conta cunha poboación de 160.453 mulleres.

A Asociación Galega de Matronas denuncia a absoluta precariedade, especialmente na zona de Ourense, onde resulta totalmente imposible levar a cabo o Plan Integral de saúde da muller.

Esta situación, non ten moitas trazas de mellorar, tendo en conta que para a seguinte OPE non están previstas prazas de matronas e as actuais están sendo amortizadas en lugar de ser cubertas.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 10:51
Nº Rexistro: 28561
Data envio: 28/03/2018 10:51:13.103

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Ten pensado o Goberno cubrir as baixas e xubilacións das matronas?
- Que ten pensado facer o Goberno para dar solución a falta absoluta de matronas na provincia de Ourense, especialmente na Atención Primaria?
- Considera o Goberno que se está a dar unha atención equitativa tendo en conta as diferencias de ratios nas provincias?
- Considera o Goberno que con estes datos poden estar dando cumprimento ao Plan Integral de Saúde da Muller en Galicia?
- Por que non cumpre o Servizo Galego de Saúde coas recomendacións da OMS en canto ao número de matronas?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/03/2018 10:41:01

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 02.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 28656(10/POC-004601)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o posible nomeamento como alto cargo do Ministerio de Sanidade da subdirectora xeral de Farmacia destituída recentemente por petición propia

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2018 17:38
Nº Rexistro: 28656
Data envio: 02/04/2018 17:38:44.163

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Durante os últimos días do mes de marzo foi coñecido, mediante os medios de comunicación, que a subdirectora xeral de Farmacia da Xunta de Galicia cesaba, a petición propia, das súas responsabilidades, para traballar para o Ministerio de Sanidade como encargada dun estudo sobre farmacia. As novas coñecidas apuntan tamén a previsión de que formará parte, proximamente, do cadro de dirixentes do propio Ministerio, ocupando posiblemente o cargo de subdirectora xeral de calidade do medicamento.

Este cargo de subdirectora xeral de Farmacia estaba ocupado, ata o de agora, por unha persoa investigada xudicialmente por un posible delito de homicidio imprudente por retrasar os fármacos da hepatite C, segundo apunta a Fiscalía que atribúe tamén un delito de prevaricación asociado a este caso.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego deste ascenso para unha persoa investigada por delitos de homicidio imprudente e prevaricación?
2. En que data presentou o cese voluntario a persoa referida? Cal é a súa relación laboral actualmente coa Xunta de Galicia?
3. Que valoración fai a Xunta de Galicia do traballo desenvolvido pola subdirectora xeral de Farmacia no seu tempo nesa función?
4. Que valoración fai a Xunta de Galicia do traballo desenvolvido pola recente subdirectora xeral de farmacia durante todas as súas responsabilidades dentro do organigrama da Xunta de Galicia?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2018 17:38
Nº Rexistro: 28656
Data envio: 02/04/2018 17:38:44.163

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2018

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 02/04/2018 17:37:26

Noela Blanco Rodríguez na data 02/04/2018 17:37:31

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 02.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 28927(10/POC-004636)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as xestións concretas levadas a cabo polo Goberno galego diante do Goberno central para a rebaixa do IVE dos alimentos sen glute e as previsións ao respecto, así como sobre a realización dalgunha outra reforma no sistema fiscal para protexer as persoas celíacas

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 18:01
Nº Rexistro: 28927
Data envio: 05/04/2018 18:01:11.457

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa as accións realizadas polo Goberno galego para rebaixar o prezo dos alimentos para persoas celíacas.

Segundo o informe sobre o prezo dos alimentos para celíacos do ano 2017, elaborado pola FACE (Federación de Asociacións de Celíacos do Estado), na que se integra ACEGA (Asociación de Celíacos de Galiza), a diferenza de prezos na compra anual só de produtos básicos para unha persoa celíaca é de 1.040 €.

Na precampaña electoral das eleccións ao Parlamento Galego celebradas no ano 2016, en concreto o 30 de agosto de 2016 en Ferrol, o presidente Feixóo anunciou que lle pediría ao Goberno Central unha rebaixa no IVE para os alimentos sen glute.

Por este motivo, e pasado máis dun ano desa promesa electoral, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 18:01
Nº Rexistro: 28927
Data envio: 05/04/2018 18:01:11.457

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que xestións concretar realizou o presidente da Xunta neste tema?

-Tivo algunha resposta do Goberno Central?

-Cando agarda o Goberno galego que se concrete a proposta de rebaixa do IVE para os alimentos sen glute?

-Cal sería a rebaixa prevista?

-Prevé algunha outra reforma no sistema fiscal para protexer ás persoas celíacas?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 18:01
Nº Rexistro: 28927
Data envio: 05/04/2018 18:01:11.457

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2018 17:54:27

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2018 17:54:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2018 17:54:33

Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2018 17:54:35

Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2018 17:54:36

Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2018 17:54:38

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 02.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.7 28934(10/POC-004638)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a suposta situación de discriminación laboral por razón de xénero e acoso que está a padecer unha traballadora dunha empresa concesionaria de liñas de transporte colectivo de viaxeiros

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 18:24
Nº Rexistro: 28934
Data envio: 05/04/2018 18:24:31.051

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación de discriminación laboral por razón de xénero e acoso a unha traballadora por parte da empresa de transporte colectivo de viaxeiros HEDEGASA S.L.

A empresa de transporte colectivo de viaxeiros HEDEGASA, S.L. "acredita" un extenso historial de condenas por acoso laboral, mobbing e danos morais a unha traballadora.

Desde o ano 2009, logo dunha embarazo de alto risco e petición de redución de xornada para o coidado dunha filla, que foi denegada ilegalmente pola empresa, encétase unha situación de fustigamento e acoso contra unha muller traballadora, que foi amparada en diversas ocasións polos xulgados do social, a inspección de traballo, alén do apoio e respaldo sindical e a solidariedade expresada por multitude de traballadoras e traballadores.

A empresa de transporte HEDEGASA, SL desenvolve a súa actividade no ámbito do transporte colectivo de viaxeiros, sendo concesionaria de liñas de transporte regular colectivo, alén de contratista da administración educativa para o transporte de alumnado a centros públicos neste concello e na comarca de Compostela.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 18:24
Nº Rexistro: 28934
Data envio: 05/04/2018 18:24:31.051

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A normativa vixente en materia de transporte define o transporte colectivo regular de viaxeiros como un servizo público, titularidade das administracións e que pode ser prestado en réxime de concesión por empresas de transporte. Polo tanto, HEDEGASA, SL desenvolve e executa unha actividade pública, ao xestionar unha liña de transporte que forma parte dun sistema de transporte público, que ademais está integrado nun sistema metropolitano de conexións regulares de transporte que ten financiamento da administración galega e local.

O Goberno galego non pode ser alleo a esta situación, onde unha persoa traballadora dunha empresa concesionaria dun servizo público que empregan miles de veciñas e veciños, sofre un acoso ilegal e insolente por parte de responsábeis empresariais. Non é simplemente unha desprezábel actitude que mereza a corrección por parte de autoridades laborais, como xa está a acontecer, senón que é a constatación de trato desconsiderado, irrespectuoso, ofensivo a unha empregada que desenvolve o seu traballo no eido dun servizo público.

A Xunta de Galiza non poden tolerar que se manteña esta lamentábel actitude empresarial e ten a obriga de instar a que se respecten os máis elementais dereitos fundamentais, a lexislación laboral, e sobre todo a dignidade humana.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Que actuacións ten realizado a Secretaria Xeral de Igualdade diante da empresa HEDEGASA, S.L condenada reiteradamente por acoso a unha traballadora?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 18:24
Nº Rexistro: 28934
Data envio: 05/04/2018 18:24:31.051

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que opinión lle merece á Secrataria Xeral de Igualdade que unha empresas de transporte colectivo de viaxeiros, que xestionan baixo concesión administrativa, non respecten a igualdade nas relacións laborais e leven a cabo prácticas de acoso, machismo e discriminación?

-É coñecedora a Secretaria Xeral de Igualdade da situación de discriminación por razón de xénero e acoso á que está sometida unha traballadora por parte da empresa de transporte de viaxeiros HEDEGASA, S.L?

-Que actuacións vai a realizar diante desta situación?

-Vai esixir o cumprimento da legalidade en materia laboral e de igualdade de xénero nos servizos públicos concesionados a HEDEGASA,SL.?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 18:24
Nº Rexistro: 28934
Data envio: 05/04/2018 18:24:31.051

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2018 18:23:54

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2018 18:23:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2018 18:23:59

Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2018 18:24:01

Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2018 18:24:02

Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2018 18:24:04

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 02.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.8 29269(10/POC-004687)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento dos acordos adoptados polo Parlamento de Galicia durante a X lexislatura en relación coa petición de indulto de dous traballadores condenados á cadea, así como en materia salarial, contratación, licitación pública, contratos de formación e rehabilitación das persoas con dano cerebral adquirido

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29269
Data envio: 11/04/2018 18:46:11.523

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión 5.ª.**

O Parlamento de Galiza é a Cámara lexislativa da Comunidade Autónoma galega, con funcións lexislativas e de control da acción do Goberno.

As Proposicións non de lei (PNL), reguladas polo artigo 160 do Regulamento do Parlamento, son propostas de resolución que se tramitan ante o Pleno ou a Comisión competente para o seu debate e votación. O Parlamento galego tamén pode, de acordo coas voceirías dos grupos, ler propostas de resolución no Pleno. Ademais, logo da formulación dunha Interpelación, esta pode dar lugar á presentación dunha Moción ante o Pleno.

O 14 de decembro de 2016, o Parlamento de Galiza acorda a seguinte resolución, relativa á petición de indulto para Carlos Rivas e Serafín Rodríguez, traballadores que foron condenados a tres anos de prisión ao aplicárselles o artigo 315.3 do Código Penal:

"Dende hai máis de dous anos convócanse en Vigo mobilizacións e concentracións para pedir o indulto de Carlos Rivas e Serafín Rodríguez, traballadores que hoxe nos acompañan, que foron condenados a tres anos de prisión ao aplicárselles o artigo 315.3 do Código Penal, atentando contra os dereitos da clase traballadora, cando estaban a participar nun piquete informativo legal nunha folga do sector do transporte en 2008. En decembro de 2013, o Consello de Ministros denegoulles a Carlos e Serafín a concesión de indulto que solicitaran as centrais sindicais CIG, UGT e CCOO, xunto co aval de milleiros de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29269
Data envio: 11/04/2018 18:46:11.523

sinaturas da cidadanía galega, o que motivou unha nova petición de indulto, que recibiu o apoio unánime do Parlamento de Galicia en febreiro de 2014. Carlos Rivas e Serafín Rodríguez seguen condenados e pendentes de que se resolva a segunda petición de indulto, polo que o Parlamento de Galicia reitera a súa solidariedade con eles e coas súas familias e pronúnciase a favor de que o Consello de Ministros tome en consideración inmediatamente a petición de indulto parcial para Carlos Rivas e Serafín Rodríguez coa finalidade de evitar o seu ingreso en prisión."

Na sesión plenaria do 28 de decembro de 2016, a proposta de En Marea, o Parlamento de Galicia acordou por unanimidade instar á Xunta a abrir unha mesa de diálogo entre patronal e sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e incluír lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020.

O 4 de abril de 2017, o Pleno do Parlamento acordou unha moción de En Marea, co seguinte texto, instando á Xunta a:

"1. Impulsar, dende a Xunta de Galicia, un acordo dos empresarios e sindicatos no marco do consello de relacións laborais, que estableza unha senda de crecemento dos salarios reais, sostida no tempo, que permita recuperar o poder adquisitivo perdido na crise.

2. Impulsar, en colaboración coa Inspección de Traballo, actuacións contra as fraudes na contratación, es especial coas vinculadas aos contratos a tempo parcial, un factor determinante da desigualdade e a pobreza laboral.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29269
Data envio: 11/04/2018 18:46:11.523

3. A Xunta de Galicia incluirá, en todas as licitacións nas que sexa posible, cláusulas sociais que garantan o respecto das condicións salariais impostas polo convenio que resulte de aplicación, recollendo nos pregos, para os efectos previstos no artigo 152 do TRLCSP, que se considerarán desproporcionadas ou anormais aquelas ofertas que impliquen retribucións inferiores ás que resulten de aplicación do convenio colectivo do sector.

4. Que exerza un maior control sobre os contratos de formación e prácticas para o cumprimento dun dobre obxectivo: que as empresas non os empreguen como mecanismo exclusivo de redución de custos e se fomente unha inserción laboral máis estable.”

O 29 de novembro de 2017, a Comisión 5ª aprobou por unanimidade un dos puntos dunha PNL de En Marea relativa ás actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria aos doentes con dano cerebral adquirido, coa seguinte resolución:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta a estudar nos primeiros meses do ano 2018 a creación en Galicia dun centro público de referencia para a rehabilitación de persoas con dano cerebral adquirido."

Na función de control do Goberno, é fundamental velar polo cumprimento dos mandatos non lexislativos, PNL e mocións, pero o Regulamento da Cámara non facilita dita función.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29269
Data envio: 11/04/2018 18:46:11.523

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1. Que medidas ten impulsado a Xunta par acadar que o Consello de Ministros tome en consideración inmediatamente a petición de indulto parcial para Carlos Rivas e Serafín Rodríguez?

2. Que medidas ten impulsado a Xunta par acadar que, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, se adopten acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e incluír lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020?

3. Que medidas ten impulsado a Xunta par acadar os acordos da moción de En Marea aprobada na sesión plenaria do 4 de abril de 2017?

4. Por que a Xunta non ten impulsado o acordo da Comisión 5ª do 29 de novembro de 2017 que, a petición de En Marea, instaba á Xunta a estudar nos primeiros meses do ano 2018 a creación en Galicia dun centro público de referencia para a rehabilitación de persoas con dano cerebral adquirido?

5. Non considera a Xunta que a Xª Lexislatura vai camiño de ser unha lexislatura perdida en canto a impulsar acordos que melloren os salarios galegos e reduzan a fenda salarial de xénero?

6. Por que a Xunta menospreza ao Parlamento galego e, consecuentemente á cidadanía galega, non executando os acordos parlamentarios da Xª Lexislatura?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29269
Data envio: 11/04/2018 18:46:11.523

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/04/2018 18:40:51